# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA 2025

## VENRES 17/10 A XOVES 23/10

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua






Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 16/10. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

**Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.**

# PROGRAMACIÓN 2025/2026:




**25 OUTUBRO. 19:30 H. XVIII CONCERTO DE OUTONO. ENTRADASLUGO.ES**

**7 NOVEMBRO. 20.30 H. CONCERTO DE VICTOR WOOTEN AND WOOTEN BROTHERS. ENTRADASLUGO.ES**

**11 NOVEMBRO. 20.30 H. CONCERTO DE CHUCHO VALDES ROYAL QUARTET. ATAQUILLA.COM**

**16 NOVEMBRO. 20.30 H – TEATRO “1936” - ENTRADASLUGO.ES**

**5 DECEMBRO. 20.30 H. ÁNGEL MARTÍN. ATAQUILLA.COM**

**19 XANEIRO. 20.30 H. MIGUEL LAGO. ATAQUILLA.COM**

**6 FEBREIRO. 20.30 H. “NYMERIA” DE PABLO MÉNDEZ PERFORMANCES. ATAQUILLA.COM**

**27 FEBREIRO. 20.30 H. CONCERTO DE CAFÉ QUIJANO. ATAQUILLA.COM**

**11 ABRIL. 20.30H. DANI MARTÍNEZ. ATAQUILLA.COM**

LUGO

# NOTICIAS

Rubén Arroxo, Tenente Alcalde do Concello de Lugo, xunto coa Concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide e Efrén Castro, Vicepresidente da Deputación de Lugo, participaron na presentación da nova tempada de concertos da Sociedade Filharmónica de Lugo. Presentáronse os 12 primeiros concertos, que se celebrarán no Círculo das Artes entre o vindeiro 24 de outubro e o 29 de maio de 2026.

Rubén Arroxo lembrou que "desde a Tenencia de Alcaldía continuamos coa nosa aposta firme pola realización de actividades culturais de calidade demostrada a nivel galego, estatal e internacional" e engadiu "o compromiso da sociedade Filarmónica por manter esta actividade xa consolidada no calendario cultural de Lugo".




Toda a información en filarmonicadelugo.com

# 2025 / 2026

**venres 24 de outubro**
**Ensemble Praeteritum Sinfónico**
**Pablo Suárez Calero**, violín
D. Shostakóvich: *Concerto para violín nº 2 e Sinfonía nº 5*

**venres 28 de novembro**
**Cuarteto Gerhard**
L. van Beethoven: *Cuartetos nº 16, op. 135 e nº 15, op. 132*

**venres 5 de decembro**
**Real Filharmonía de Galicia**
**Baldur Brönnimann**, director
*Cometa*: Encarga a Carme Rodríguez (estrea absoluta)
Arvo Pärt: *Fratres*
Grazyna Bacewicz: *Concerto para orquestra de corda*
Louise Farrenc: *Sinfonía nº 3 en sol menor, op. 36*

**sábado 10 de xaneiro**
**Abel Tomás**, violín (primeiro violín do Cuarteto Casals)
**Emma Stratton**, piano
Franz Schubert: *Sonatina en la menor, Rondeau brillant* e *Fantasía en do maior*

**xoves 22 de xaneiro**
**Juan Ferrer**, clarinete / **Raúl Mirás**, violonchelo
**Alicia González**, piano
*Tríos para Clarinete, cello e piano* de L. van Beethoven, Nino Rota e J. Brahms

**sábado 7 de febreiro**
**Iria Folgado**, óboe e corno inglés
**e cuarteto de corda**
***Ecos de Breogán:*** Obras de Benjamin Britten, R. Vaughan Williams, Arnold Bax, Elizabeth Maconchy e Fernando Buíde

**sábado 28 de febreiro**
**Filarmónica Km 0**
**Banda Filharmónica de Lugo**
**Pablo Marqués**, director convidado
Obras de José Manuel Izquierdo, Ximo Tarín, Rafael Talens e Manuel Morales

**sábado 7 de marzo**
**Filarmónica Km 0**
1º Premio do Concurso de Interpretación Musical Xosé Castiñeira 2025 (CMUS Xoán Montes de Lugo)
**Álex Barcala, piano + Ensemble Filharmónica**
Programa en preparación

**sábado 21 de marzo**
**Orquestra Sinfónica Vigo 430**
**Catherina Lee**, violín
**Javier Fajardo**, director
Max Bruch: *Concerto para violín nº 1*
L. van Beethoven: *Sinfonía nº 5*

**xoves 16 de abril**
**David Khrikuli**, piano
**1º Premio do VII Concurso Internacional de piano Cidade de Vigo - 2024**
Obras de F. Schubert, F. Liszt, A. Scriabin e M. Ravel

**mércores 29 de abril**
***Lied the Future***
**Belén García Burgos**, soprano / **Esther Vilar**, piano
*Liederkreis* de R. Schumann. *Lieder* de F. Schubert, K. Saariaho, C. Schumann, P. Viardot, M. de Falla e E. Grieg

**venres 29 de maio**
**Real Filharmonía de Galicia**
**Amandine Beyer**, directora
G. F Händel: *Suite nº 1 da Música Acuática*
C. F. Abel: *Sinfonía nº 4 en do maior*
J. Ch. Bach: *Abertura e Suite de Amadís de Gaula*

**Todos os concertos ás 20:00 horas no Círculo de las Artes**

ELPROGRESO · Concello de Lugo · Círculo de las Artes · Deputación de Lugo Cultura · Caixa Rural Galega

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua









Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua









Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua





VAIA VAIA
ENCONTRO DE FANZINES E AUTOEDICIÓN!!
18 OUT 2025
EN FRONTE Á CATEDRAL DE LUGO!!
NO PAZO DE MONTENEGRO
VAIA VAIA
USC
Outono CULTURAL 2025




A Despensa de Saa
TABERNA CULTURAL
Sábado
18
outubro
ás 19,30h
Presentación do libro
Contos colorados
A TRADICIÓN ORAL EN LUGO
XOÁN RAMIRO CUBA RODRÍGUEZ
ANTONIO REIGOSA
XOSE MIRANDA
ORGANIZA
Valín Libros
SALVADOR DE MADARIAGA, 8
27002 LUGO
T. 659 157 271




RESUMEN LATINOAMERICANO NA GALIZA
RESUMEN
LATINOAMERICANO Y DEL TERCER MUNDO
EN LUGO
Sàbado 18 de Outubro, 12 hs.
*A solidariedade con Cuba é indestrutíbel*
Documentário
"Cubanas, gardiás da Revolución"
de María Torrellas
(debate coa súa directora)
Apresenta Jesús Mª Tenjido Ramos
FEDERACIÓN DE MUJERES CUBANAS
Centro social Serra de Ancares 18 Lugo
mádia leva!



JULIET'S NOT DEAD
SPAIN TOUR 2025
LUGO
CLUB CLAVICÉMBALO
Sábado 18 de Octubre 22:00h
Anticipada 12€ | Taquilla 15€
Entradas en woutick!




MASTERCLASS
CÍRCULO DAS ARTES DE LUGO
ABRAHAM CUPEIRO
MARTES 21 DE OUTUBRO
ABRAHAM
CUPEIRO




PRESENTACIÓN EN
LUGO
FRANCISCO NARLA
ZE
HIELO Y VIENTO
MARTES 21 DE OCTUBRE,
A LAS 19:00H.
CENTRO CULTURAL O VELLO CÁRCERE
Praza da Constitución, s/n
Grijalbo




DivúlgaT25
Mércores 22 de outubro
e xoves 30 de outubro
Vello Cárcere de Lugo ás 19.00h
USC
DEPUTACIÓN DE LUGO
AgroMar



OUSADÍAS
OUSADÍAS IMPROVISADAS
22 DE OUTUBRO ÁS 22:00 HRS.
MÉRCORES
CLUB CLAVICEMBALO
RÚA DOS PAXARIÑOS, 23 LUGO (LUGO)




XOVES 23 OUTUBRO
22.00 H. CLAVICÉMBALO
FACELA
PAULINE EN LA PLAYA




TECENDO REDES
IRENE REGA JUL
PREMIO NOVELA VILAR PONTE 2022
literaria
PRESENTACIÓN
TECENDO REDES
Premio Novela Vilar Ponte 2022
Irene Rega Jul
Xoves 23 de outubro ás 19:30 h
Auditorio do Vello Cárcere de Lugo
(Praza da Constitución, s/n)
Preséntanse Ánxela Gracián, escritora.
O VELLO CÁRCERE
75 ANIVERSARIO

PROGRAMACIÓN 2º SEMESTRE

# Teatro e Danza

## LUGO 2025



entradaslugo.es

**AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE**
**DO 2 DE OUTUBRO AO 14 DE DECEMBRO**

Concello de Lugo

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

# PROGRAMACIÓN ADULTOS

**16 OUTUBRO** · 20:30 HORAS · 70min. DURACIÓN



**Ca-co-Flex"**
de Alomáis teatro
*Idade recomendada: A partir dos 14 anos.*

**23 OUTUBRO** · 20:30 HORAS · 70min. DURACIÓN



**"Los innombrables"**
de Sin Mente Teatro
"Colectivo artístico"
*Idade recomendada: A partir dos 14 anos.*

**30 OUTUBRO** · 20:30 HORAS · 65min. DURACIÓN



**"Todo lo posible"**
de Nueveuno Circo
*Idade recomendada: A partir dos 6 anos.*

**6 NOVEMBRO** · 20:30 HORAS · 80min. DURACIÓN



**"Oh, mammi blue!"**
de Cinema Sticado
*Idade recomendada: A partir dos 16 anos.*

**13 NOVEMBRO** · 20:30 HORAS · 75min. DURACIÓN



**"Un tal Romeo"**
de A Ramboia
*Idade recomendada: A partir dos 14 anos.*

**20 NOVEMBRO** · 20:30 HORAS · 90min. DURACIÓN



**"Heroes en decembro"**
de Ancoraxe
*Idade recomendada: A partir dos 12 anos.*

**27 NOVEMBRO** · 20:30 HORAS · 50min. DURACIÓN



**"Ellos y yo"**
de Jordi Font
*Idade recomendada: A partir dos 12 anos.*

**4 DECEMBRO** · 20:30 HORAS · 60min. DURACIÓN



**"Nas Nubes"**
de Redrum Teatro
*Idade recomendada: A partir dos 14 anos.*

**11 DECEMBRO** · 20:30 HORAS · 90min. DURACIÓN



**"Mofa e befa: Os dous de sempre. O regreso"** de Producións teatrais excéntricas
*Idade recomendada: A partir dos 14 anos.*

**Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30h.**

23 OUTUBRO 20:30 HORAS Auditorio Municipal Gustavo Freire

Adulto

# “Los innombrables”

## de Sin Mente Teatro “Colectivo artístico”

70min. DURACIÓN



Idade recomendada: A partir dos 14 anos.

**Sinopse:**

“Los innombrables”, é unha obra de teatro que expón o drama dunha familia que sufriu de xeito directo r tráxico un conflicto armado. Un neno de once anos reclutado á forza por grupos armados, soña con volver a súa casa e escola. Alucina na súa realidade cun presente onírico acompañado do seu Eco representado nun neno da súa mesma idade.

Do outro lado da realidade, unha nai busca axuda para poder esclarecer a desaparición do seu fillo. Un drama que, a través, novamente, da linguaxe onírica e picaresca, conta a historia dun pobo azotado polo medo que parece non poder mudar o rumbo do seu cruel destino, pero que aínda así soña e loita por un mellor presente e futuro cheo de paz. Unha historia que retrata conflictos universais como as guerras e como estas afectan a persoas alleas ás mesmas.

Adulto

20:30 HORAS

30 OUTUBRO

Auditorio Municipal Gustavo Freire

# "Todo lo posible"
## de Nueveuno Circo

65 min. DURACIÓN



**Idade recomendada: A partir dos 6 anos.**

**Sinopse:**

"Todo Lo Posible" é un espectáculo de Circo contemporáneo que mostra a relación dos artistas co éxito, a necesidade de aprobación, as envexas, o amor e os aplausos. Un espectáculo que quere comunicar a través dos malabares, a maxia escénica, a música en directo, o son, a iluminación e as videoproxeccións.

Este é un espectáculo de malabares precisos, de coreografía perfecta, de integración técnica e escenográfica.

É unha tolemia querer gustar a todo o mundo? É un limite? Un motor?

Qué é o éxito para ti?

# PROGRAMACIÓN FAMILIAR



**19 OUTUBRO** · 18:30 HORAS · 50min. DURACIÓN



## "Os Senteito"
de Caramuxo teatro

***Idade recomendada: A partir dos 4 anos.***

**26 OUTUBRO** · 18:30 HORAS · 50min. DURACIÓN



## "Nanuq"
de Cia. Voël

***Idade recomendada: A partir dos 3 anos.***

**2 NOVEMBRO** · 18:30 HORAS · 45min. DURACIÓN



## "Coa cabeza na nubes"
de SÖA Cia

***Idade recomendada: A partir dos 6 anos.***

**9 NOVEMBRO** · 18:30 HORAS · 50min. DURACIÓN



## "Copiar"
de Animal Religion

***Idade recomendada: A partir dos 6 anos.***

**16 NOVEMBRO** · 18:30 HORAS · 50min. DURACIÓN



## "Fala, fala, falangueira"
de Matrioshka Teatro

***Idade recomendada: A partir dos 7 anos.***

**23 NOVEMBRO** · 18:30 HORAS · 60min. DURACIÓN



## "Bagaxe"
de Cia Arturo Cobas

***Idade recomendada: A partir dos 6 anos.***

**7 DECEMBRO** · 18:30 HORAS · 40min. DURACIÓN



## "Os contos do Lobicán"
de Redrum Teatro

***Idade recomendada: Dos 3 aos 6 anos.***

**14 DECEMBRO** · 18:30 HORAS · 45min. DURACIÓN



## "Teatro de papel"
de Rauxa Cia

***Idade recomendada: A partir dos 6 anos.***

**Auditorio Municipal Gustavo Freire - 18:30h.**

26 OUTUBRO 18:30 HORAS

Auditorio Municipal Gustavo Freire

Familiar

# "Nanuq"
## de Cia. Voël

50min. DURACIÓN



Idade recomendada: A partir dos 3 anos.

**Sinopse:**
Soñei, como soñan os osos en inverno. Un soño cálido, un soño longo, un soño baixo terra. E espertei!, soa, e quixen volver soñar, pero xa non era no soño, era aquí, tan presente e tan efémera como a neve que cae do ceo. Este ceo que coas súas cores anuncia que algo está por pasar. E que pode pasar ao outro lado do mundo onde nos atopamos. Onde atopamos dous seres con tantas cousas coma soños teñen os osos. Teñen os osos soños baixo terra. Baixo terra soñei. Soñei. Como soñan os osos.

Como dous corpos e dúas máscaras poden a través da poesía visual e a acrobacia xerar un mundo onírico onde todo está ao borde do abismo. Falamos dunha historia de amizade sen barreiras, estas barreiras denominadas prexuizos que se erguen cómo altos muros na vida dos adultos, os nenos e nenas non entenden de barreiras, os osos tampouco.

Nanuq é unha peza atemporal onde conviven diversas disciplinas, como son o circo, a danza e as marionetas, para explicar unha historia universal, unha historia para todas, pero especialmente pensada para as máis pequenas.

Familiar

18:30 HORAS

2 NOVEMBRO

Auditorio Municipal Gustavo Freire

# "Coa cabeza na nubes"
## de SÖA Cia

45 min. DURACIÓN



**Idade recomendada:**
**A partir dos 6 anos.**

**Sinopse:**

Un espectáculo multidisciplinar que combina teatro físico, danza e clown para público familiar. En escena, dous personaxes conviven no mesmo espazo. Un deles, afogado polo traballo, tenta sobrevivir baixo unha morea de papeis. As tarefas non deixan de acumularse... non dá feito con todo o que hai que facer!

A súa compañeira, en vez de botarlle unha man, interrompe constantemente e só pensa en xogar. Será posible que non atope tempo para xogar con ela? Un pouquiño? Un instante sequera?

Entre ambos desátase unha divertida batalla chea de humor e acrobacias, onde se confrontan dúas visións da vida. Canto tempo lle adicamos ao traballo? E ao xogo?. Estamos traballando demasiado? Queda aínda tempo para xogar?

# PROGRAMACIÓN DANZA

**2 OUTUBRO** · **20:30 HORAS** · **50min. DURACIÓN**



**"Halley"**
de Led Silhouette. CEN

*Idade recomendada: Todos os públicos.*

**31 OUTUBRO** · **20:30 HORAS** · **60min. DURACIÓN**

**"Dique"**
de Nova Galega de Danza

*Idade recomendada: A partir dos 14 anos.*



**22 NOVEMBRO** · **20:30 HORAS**

**"Pezas curtas;** Idi Begi + Contido + Proserpina + Portrait".



**16min. DURACIÓN**

**"Idi Begi"**
Proyecto Larrua



**15min. DURACIÓN**

**"Contido"**
Companhia dança Almada



**20min. DURACIÓN**

**"Proserpina"**
La mínima



**17min. DURACIÓN**

**"Portrait"**
ZigZag

*Idade recomendada: Todos os públicos.*

**Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30h.**

31 OUTUBRO
20:30 HORAS
Auditorio Municipal Gustavo Freire

Danza

# "Dique"
## de Nova Galega de Danza

60min. DURACIÓN



Idade recomendada:
A partir dos 14 anos.

**Sinopse:**
O Dique de Campá de Ferrol foi a obra de enxeñería hidráulica máis importante do século XIX en España. Detrás da súa construción está o traballo invisibilizado de 200 mulleres que desde 1874 pasaron anos retirando 245.000 metros cúbicos de terra e pedras que transportaron en sacos e cestas sobre as súas cabezas. Eran as "cargadoras" e, polo mesmo traballo, cobraban menos que os homes. A todas elas rendimos homenaxe neste espectáculo.

Dique é unha coprodución de: Nova Galega de Danza e Xunta de Galicia, a través do Centro Coreográfico Galego.

## IMPORTE DAS ENTRADAS:

Obras para público adulto: **5€***

Espectáculos para público familiar: **3€.**

Espectáculos para primeira infancia: **3€.**

Espectáculos danza: **5€***

*Desconto do 30 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG.

## BONOS:

Adulto: **30€** (9 representacións). 120 bonos como máximo. (Ca-co-Flex, Los innombrables, Todo lo posible, Oh mammi blue, Un tal Romeo, Heroes en decembro, Ellos y yo, Nas Nubes, Mofa e befa: Os dous de sempre. O regreso).

Familiar: **20€** (8 representacións). 120 bonos como máximo. (Os Senteito, Nanuq, Coa cabeza na nubes, Copiar, Fala fala falangueira, Bagaxe, Os contos do Lobicán, Teatro de papel).

## FORMA DE ADQUISICIÓN:

ENTRADAS: A través do portal web entradaslugo.es e na Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo de cada función; e no auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

* As persoas que adquiran entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

**IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN, NIN CON COMIDA E BEBIDA.**

**PROHÍBESE A TOMA DE FOTOGRAFÍAS E GRAVACIÓN DO ESPECTÁCULO, TANTO NO QUE SE REFIRE A SON COMA A IMAXE, A EXCEPCIÓN DOS MEDIOS GRÁFICOS PREVIAMENTE AUTORIZADOS.**

# concerto

**Venres, 24 de outubro de 2025**

SOCIEDAD FILARMÓNICA LUGO



# Ensemble Praeteritum Sinfónico

## Pablo Suárez Calero,
violín

se queres escoitar boa música **faite socio**

**Programa**

Dmitri Shostakóvich (1906-1975): *Abertura Festiva, Op. 96*
*"50 ANIVERSARIO"*
*Concerto para violín nº 2, Op. 129*
*Sinfonía nº 5 en re menor, op. 47*

**Salón Rexio do Círculo das Artes · 20:00 horas**

---

Venda de entradas nas oficinas do Círculo das Artes

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

CAIXA RURAL GALEGA

ELPROGRESO

CÍRCULO DE LAS ARTES LUGO

+ Info

# O VELLO CÁRCERE



LUNS A DOMINGO
982 297 195
vellocarcere@lugo.gal
ovellocarceredelugo.gal

## EXPOSICIÓNS PERMANENTES

- **"O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"**
- **"Elas"**, Aurora Marco

## EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

- **Espazo EASD Ramón Falcón**, Varios artistas
- "**Galaica"** - Diego Beyró
- "**A rúa como espello: unha ollada á alma urbana"** - Colectivo Ruando

## VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente
"O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"

- **VENRES:** 17:30 h
- **SÁBADOS:** 11:15 h e 17:30 h
- **DOMINGOS:** 11:15 h (PÚBLICO FAMILIAR) e 17:30 h

## HORARIO

| | |
|---|---|
| **CENTRO** | **Luns - Sábado:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 20:00 h<br>**Domingo:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 19:00 h |
| **BIBLIOTECA** | **Domingo - Mércores:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 19:00 h<br>**Xoves - Sábado:** 11:00 - 14:00 h / 16:00 - 20:00 h |


> UNHA RETRATOS-PECTIVA NOÍRICA
Noa Persán
Do 25 de setembro ao 25 de novembro
Museo Interactivo da Historia de Lugo
Concello de Lugo

# Animación á lectura e contacontos

## Outubro decembro 2025



## Biblioteca Municipal Isidro Novo MIHL

### Parque da Milagrosa

Presentamos unha nova programación de animación á lectura pensada para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e dos contos.

Para asistir aos contacontos, é preciso retirar unha entrada a través do portal entradaslugo.es. As entradas son gratuítas e estarán dispoñibles desde o luns da semana da actuación. Para a actividade do 24 de outubro, tamén de balde, haberá que inscribirse na biblioteca ou no teléfono 982 297414 (a partir do luns 20 de outubro),

As persoas adultas que acompañen os nenos e nenas aos contacontos terán que retirar tamén entrada. Para dar preferencia ao público infantil, permitirase só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres entradas por persoa.

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

#ActivandoLugo

**Xoves, 16 de outubro ás 18:00 horas no MIHL**

FRAN REI
"Superheroe"
Idades: a partir de 5 anos
Duración: 55 minutos

En ausencia de Supernai, o noso Superheroe deberá salvar a humanidade de terribles ameazas. Loitará contra perigosos axentes malignos mentres prepara as merendas, pon unha lavadora ou cambia un cueiro.

**Venres, 24 de outubro ás 18:30 horas na biblioteca**

O FAIADO DE NIN
"Superlectoras/es. Deseño de bolsas-mochila"
Idades: a partir de 6 anos
Duración: 90 minutos

Celebramos o Día das Bibliotecas cun obradoiro creativo para compartir co mundo a túa paixón pola lectura. Como? Creando e personalizando a túa bolsa ou mochila para levar sempre contigo a mensaxe de que ler conta moito.

**Xoves, 30 de outubro ás 18:00 horas no MIHL**

CRIS DE CALDAS
"A bibliotecaria estrafalaria 2.0"
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 50 minutos

Candelaria é a bibliotecaria que máis sabe de contos. Ás veces soña co París dos surrealistas e noutras ocasións imaxina ser Alicia e levar un sombreiro tolo... pero sempre rodeada das historias máis alucinantes.

**Xoves, 6 de novembro ás 18:00 horas no MIHL**

O BAÚL DA TÍA TOLA
"Tilintilonia"
Idades: de 1 a 3 anos
Duración: 30 minutos

Espectáculo teatral para bebés. Tilintilonia é un pequeno planeta habitado por Tilín e Tilón, onde xogaremos a explorar as diferentes texturas que existen nel e o que estas non suxiren, mentres descubrimos cores, obxectos, emocións e sensacións.

**Xoves, 20 de novembro ás 18:00 horas no MIHL**

TRINKETRINKE TEATRO
"Viaxes e cancións dos Ratos de Lonxedetodo"
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 45 minutos

Os Ratos de Lonxedetodo levan 32 anos visitando as bibliotecas de Galicia. Agora acaban de publicar un álbum ilustrado no que se recollen as súas mellores cancións e, para celebralo, o rato Fuco traeranos en directo súa música e os seus contos favoritos.

**Xoves, 27 de novembro ás 18:00 horas no MIHL**

PROFE ALBA
"Cociñando contos"
Idades: a partir de 3 anos
Duración: 50 minutos

A profe Alba convídanos a unha sesión única na súa cociña de contos. Prepararemos xuntos unha historia nova, mesturando diversión, maxia e imaxinación. Unha experiencia saborosa e inesquecible para nenos, nenas e familias.

**Xoves, 4 de decembro ás 18:00 horas no MIHL**

JOSHUA KENENTH
"Ler para crer"
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 45 minutos

Espectáculo de ilusionismo pensado para as bibliotecas, no que Joshua Kenneth anima aos nenos e nenas a descubrir a maxia da lectura mediante unha das ferramentas máis potentes: a arte do imposible.


A túa universidade pública
Sen nota de corte
Matricúlate
Desde o 3 de xullo
UNED
30 Graos oficiais



# Agora é o teu momento

A partir de 55 anos
Sen requisitos académicos

**UNED Sénior (2025-2026)**

Dirixido ás persoas maiores de 55 anos, con independencia da formación académica que posúan, interesadas en enriquecer os seus coñecementos.

**Prazo de matrícula:** do 26 de setembro ao 26 de outubro de 2025
**Comezo do curso:** semana do 13-17de outubro de 2025
**Remate do curso:** febreiro 2026
**Matrícula presencial:** Centro Asociado á UNED en Lugo - Tolda de Castela 4B

**Matrícula en liña:** https://extension.uned.es/actividad/47351
**Nº Prazas**: 20
**Importe da matrícula:** 50 € /materia
**Formalización do pago:** ES30 2080 5152 58 3040026385 (Abanca)
*Especificar no concepto: Nome/Apelidos e UNED Sénior*

**Máis Información: 982 28 02 02** **608 577 391**

## 1º CUADRIMESTRE - LUGO

INGLÉS BÁSICO
**VENRES**
**Presencial**
De 11:00 a 13:00 h.
Prof. Mary Teresa Jordan
Prazas mércores esgotadas

INGLÉS INTERMEDIO
MARTES
**Presencial**
De 11:00 a 13:00 h.
Prof. Mary Teresa Jordan

EMPEZANDO A COÑECER A HISTORIA DA ARTE
XOVES
**Presencial**
De 11:00 a 13:00 h.
Prof. Raquel Iglesias Rodríguez

UNED LUGO




Os encontros xirarán arredor de parellas de poetas *"Paso a dous"* relacionados entre si por familia ou actividade que serán emitidos na canle de YouTube da UNED Lugo.

LU GO
2025
POÉTICA

**9 de outubro - 18:30 h.**
MAR FERREIRO ROZAS
LUCÍA LÓPEZ CANCIO
GUSTAVO E. DÍAZ REY

**16 de outubro - 18:30 h.**
CARMEN BLANCO
CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

**30 de outubro - 18:30 h.**
ANA VILA PORTOMEÑE
PACO LEDO

**13 de novembro - 18:30 h.**
MANUEL REGAL
XOSÉ ANTÓN MIGUÉLEZ

**27 novembro - 18:30 h.**
XOÁN NEIRA
XOSÉ CARLOS ULLOA

**11 decembro - 18:30 h.**
HELENA VILLAR JANEIRO
XESÚS RÁBADE PAREDES

## O futuro

Lugopoética nace con **vocación de continuidade,** pretendendo medrar no futuro con similares encontros que reflictan a riqueza e potencial da creación poética nas terras lucenses.

**Máis info: https://www.lugopoetica.org/**

Froito destes encontros editarase unha segunda publicación:

***Lugopoética 2025***

Unha escolma das obras dos poetas participantes na edición.






## Sobre nós...

Lugopoética 2025, continuadora da acción iniciada en 2024, é un proxecto de **Egeria** en colaboración coa **UNED Lugo** e a **Xunta de Galicia**, que se vai desenvolver en **seis xoves** do cuarto trimestre.

Consistirá en conversas de **90 minutos** de duración con poetas que comentarán e lerán anacos da súa obra.

EGERIA

**Xulio Xiz**
Presidente do Colectivo Egeria

## máis información e matrícula

982 28 02 02
info@lugo.uned.es
https://extension.uned.es/actividad/35189
https://www.lugopoetica.org/

Tolda de Castela 4B - UNED Lugo
Salón de Actos - 3º andar

**Organiza:**
EGERIA

**Colaboran:**
XUNTA DE GALICIA
UNED Lugo






## Outubro 2025

**Xoves 2...**




**Monólogo: *Dous rombos…***

Sergio Alba presenta o espectáculo de humor *Dous rombos... Pasa para a cama!*, un *show* no que o pasado estará moi presente. É inevitable, co decorrer dos anos, ollar para atrás e reconfortarse na alegría que nos procuraran as nosas idades máis tenras. Non obstante, ademais de fermosas lembranzas, existen outras das cales non nos sentimos o que se di orgullosos e sempre convén enfocar desde o punto de vista do humor. Así nace este espectáculo, coa única pretensión de asomarnos cun sorriso a aquela época na que nos mandaban para a cama poñendo dous rombos na pantalla do televisor. Unha época na que pasamos do branco e negro á cor sen darnos apenas conta e que foi abrindo paso devagar a unha nova forma de ver e vivi-la realidade. Para asistir ao devandito *show retro-activo,* soamente precisades desenchufarvos da rutina dixital e acepta-lo desafío de rirmonos do noso lado máis analóxico.

**Venres 3...**




**Taranteira**
**Folk | Italia / Galicia**
**+ Improvisóns**

**Sábado 4...**




**The Twist Connection | Portugal**

Xorde no 2016 e leva lanzados cinco álbums e sete sinxelos. É unha banda de *rock 'n' roll* que afonda nas raíces da segunda metade do século XX inspirándose no nacente *rockabilly* dos anos 50, nas diversas correntes estéticas dos anos 60 e na urxencia *punk* de finais dos 70 para chegar ao século XXI coa vista posta no futuro. Sempre na procura da identidade propia, cre no poder transformador do *rock 'n' roll* e víveo. Así forxa o seu camiño. A maiores das xiras por todo o territorio de Portugal, estivo presente en Francia, Inglaterra e, principalmente, en España, onde, no 2019, foi galardoada co premio Pop Eye á mellor banda portuguesa. Entre colaboracións, encontrámo-las de Boz Boorer, Gregg Foreman, Michael Purkhiser, Ruby Ann, Raquel Ralha, Tracy Vandal e Miguel Padilha.

**Xoves 16...**

***Jam Session Rock & Blues***
**Organiza: Fábrica de Sons.**
**Entrada libre**

**Venres 17...**

**Chemical Addicts**

**Sábado 18...**




**Juliet's Not Dead**
***Hard rock* | England**

**Mércores 22...**




***Impro teatro* con...**
**Ousadías**
**(antes Curuxán)**

**Xoves 23...**




**Pauline en la Playa**
**Pop | Gijón**
**Organiza: FaCeLa**

**Venres 24...**

**Basura Auditiva**
**+ LoraHacePam!**

**Sábado 25...**



• **Ás 20:00 h David Prado**

• **Ás 23:00 h Los Bengala**
***Garage rock / indie rock / garage punk* | Zaragoza**

**Xoves 30...**




***Impro teatro* con…**
**Improdutivas**

**Venres 31...**




**Wicked World**

A banda mítica das xiras: Carlos Doval, Miguel Bello, José Ángel Sánchez e Saulo Sause; tres anos despois.
Trepidantes temas de AC/DC, Deep Purple, Scorpions, Motörhead, Black Sabbath, Rage Against The Machine... Imperdible.

Emenda e traduce: Shui Lóng | saddayakko@gmail.com

Subvencionado con Fondos FEDER · Unión Europea · Xunta de Galicia · Rede Galega de Música ao Vivo · AGADIC · Clubtura · + info · Entradas en woutick.com

# A HEDREIRA | OUTUBRO

MÉRCORES 1 | 20:00 HORAS

**CHARLA-DEGUSTACIÓN**

A landra (belota) como alimento rico, nutritivo e ecolóxico.

SÁBADO 11 | 15:00 HORAS

**POLBADA VEGANA SAN FROILÁN**

Prezo: a vontade. Prazas limitadas.
Precísase reserva en:
csahedreira@riseup.net

XOVES 23 | 19:00 HORAS | LUNS 27

**XORNADAS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA**

Exposición de investigacións tipo TFG, TFM, PFC, tese ou non académicas.
Para presentar a túa escribe a:
csahedreira@riseup.net

XOVES 30 | 20:00 HORAS

**CINEFÓRUM**
**ESPECIAL TEMPO DE DEFUNTOS**

Os difuntos falaban castelao
(Virginia Curiá e Tomás Conde, 2001)

A meiga chuchona (Pablo Millán, 2006)

O apóstolo (Fernando Cortizo, 2012)

**OBRADOIROS**

GALEGO PARA INMIGRANTES
Martes | 18:45 - 20:15

CATALÁN
Martes | 20:15 - 21:30

**TODAS AS ACTIVIDADES DE BALDE**

Inscríbete:
(+ info e horarios na web)

ahedreira.noblogs.org

Rúa Catasol, 17 (Lugo)
@hedreira | csahedreira@riseup.net

A Hedreira
centro social


LUGO CULTURAL
VII CERTAME DE VIDEOCREACIÓN
PRAZOS
• Inscricións dende o 1 ata o 30 de outubro de 2025, cubrindo o formulario online da nosa web.
• Envío da peza de videocreación do 5 ao 7 de novembro de 2025. Poderase enviar unha ligazón a calquera plataforma descargable e non estea en aberto. Poderase tamén enviar a través de Wetransfer a cultura.lugo@usc.gal
PREMIOS
A entrega de premios terá lugar o 21 de novembro na Casa do Saber.
• Premio á mellor linguaxe visual e mellor comunicación audiovisual Araceli Herrero: 300€ e diploma.
• Premio Isidro Novo á mellor linguaxe literaria: 300€ e diploma.
• Premio do público: 100 euros e diploma.
TITORÍAS
Para acceder a este recurso, quen participe, ten que enviar un correo-e a cultura.lugo@usc.gal co asunto: Titoría. Deste xeito establecese o luns 13 de outubro ás 20:00 para esa conexión dixital, que terá unha duración de 60 minutos.
cultura_usc AreadeculturaUSC culturausc.bsky.social
#OutonoCultural www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura
lugocultural #LugoCultural2025 www.lugocultural.gal
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Concello de Lugo
DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA
Outono CULTURAL 2025

LUGO CULTURAL



# IV CERTAME PAISAXE SONORA

**COORDINA: ARTURO VAQUERO**

O certame ten como finalidade alentar e estimular a disciplina da creación de paisaxes sonoras, así como fomentar a educación da escoita e a sensibilización do oído na nosa contorna. Pretendemos destacar a importancia dos sons no noso día a día e a súa capacidade para evocar emocións, contidos culturais e históricos.

## PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas maiores de 16 anos.

## PRAZOS

- **Inscricións** dende o 1 de outubro ata o 30 de outubro de 2025, cubrindo o formulario online da nosa web.
- **Entrega do traballo** do 8 ao 10 de novembro de 2025, no correo-e cultura.lugo@usc.gal
- **Entrega de premios e escoita** o 21 de novembro na Casa do Saber.

## TITORÍAS

Para acceder a este recurso, quen participe, ten que enviar un correo-e a cultura.lugo@usc.gal co asunto: "Titoría".

## PREMIOS

- Premio á mellor paisaxe sonora: 300 euros e diploma.
- Premio á mellor paisaxe feita por estudantado da USC: 200 euros e diploma.
- Premio do público: 100 euros e diploma
  O Premio do Público será outorgado á paisaxe sonora con máis votos.

cultura_usc AreadeculturaUSC culturausc.bsky.social
#OutonoCultural **www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura**

lugocultural #LugoCultural2025 **www.lugocultural.gal**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA · Concello de Lugo · DEPUTACIÓN DE LUGO VICEPRESIDENCIA Cultura · Outono CULTURAL 2025

LUGO CULTURAL



# XXXI MARATÓN FOTOGRÁFICO

**INSCRICIÓNS**

Do 1 ao 17 de outubro ás 13.00 h na web.

**DÚAS MODALIDADES**

- **Tema libre ou Tema proposto pola organización**

O 19 de outubro, ás 9:30h, na Casa do Saber, comunicarase o tema elixido.

**ENTREGA**

Unha fotografía por cada modalidade. Non é obrigatorio presentar as dúas modalidades.

Ata o 20 de outubro ás 10:30h, por correo-e ou weTransfer a cultura.lugo@usc.gal en formato dixital, en branco e negro ou a cor.

**PREMIOS**

- **Premio Carlos Valcárcel** á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 350 € e diploma.
- **Premio Eduardo Ochoa** á mellor fotografía do tema libre, dotado con 300 € e diploma.
- **Premio do Público** á mellor fotografía de ambos os temas, dotado con 100 € e diploma.

Entrega de premios: 5 de novembro ás 20:30 horas na Biblioteca Intercentros.

Exposición: do 5 de novembro ao 16 de decembro na Biblioteca de Intercentros.

* Elixiránse 12 fotografías para o calendario 2025 de Lugo Cultural.

cultura_usc AreadeculturaUSC culturausc.bsky.social
#OutonoCultural **www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura**

lugocultural #LugoCultural2025 **www.lugocultural.gal**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA · Concello de Lugo · DEPUTACIÓN DE LUGO VICEPRESIDENCIA · Cultura

Outono CULTURAL 2025

# INFORMACIÓN TURÍSTICA

CENTROS CULTURAIS – MUSEOS –
OFICINA DE TURISMO

# EXPLORA LUGO



## Museo MIHL

Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
instagram.com/mihl_museo/



## O Vello Cárcere

Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195  vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
instagram.com/ovellocarcere/
twitter.com/o_vello_carcere




## Sala de Exposicións Porta Miñá

Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962   museo.porta@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Casa dos Mosaicos

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15   casadosmosaicos@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Centro de Interpretación da Muralla

Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658   cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Oficina de Turismo

Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58   lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/

# EXPLORA LUGO



**Centro arqueolóxico San Roque**

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105 museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



**Museo Provincial de Lugo**

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112 info@museolugo.org
facebook.com/redemuseisticaprovincial
twitter.com/RedeMuseistica



INFORMACIÓN TURÍSTICIA

# EXPLORA LUGO




**Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua**


Concello de Lugo
Área de Mobilidade e Infraestruturas
Por Lugo:
VAI EN BUS
> Máis barato, máis ecolóxico e sen buscar aparcamento
#activandoLugo

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.